

UGT-Galicia insta á Xunta a que reactive as mesas de diálogo social destinadas a modernizar as políticas activas de emprego e a que asuma as súas competencias en política industrial

O COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA RECLAMA ÁS FORZAS POLÍTICAS SENTIDO DE ESTADO PARA ABORDAR UNHA RECUPERACIÓN XUSTA E GARANTIR UN USO CORRECTO E ÚTIL DOS FONDOS EUROPEOS PARA UNHA GALICIA COMPETITIVA E CON EMPREGO DE CALIDADE

O Sindicato reclama das forzas políticas apoio a unha Reforma Laboral, froito do consenso, que recupera dereitos para os traballadores e traballadoras

Redacción.- O Comité Nacional de UGT-Galicia, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos e do que forman parte a Comisión Executiva de UGT-Galicia e representantes das federacións e unións comarcais, reuniuse este mércores en Santiago para analizar a situación sociolaboral actual e poñer enriba da mesa propostas de traballo de cara ós vindeiros meses, incidindo, sobre todo, nesta nova etapa de recuperación que se abre e ante a que hai que estar especialmente vixiantes para garantir que esta sexa xusta, igualitaria e sustentable.

A polarización política pode levar ó traste todos os esforzos en materia orzamentaria, tanto en Galicia como en España, e as oportunidades dos fondos europeos para unha Galicia máis competitiva e con emprego de calidade

Precisamente, neste senso, o Comité recoñeceu que tanto o conxunto de España como Galicia, grazas a unha estratexia de vacinación áxil, están nun bo punto de partida, dende un punto de vista da saúde das persoas, para afrontar a recuperación, o que debería ser aproveitado como factor preferente de competitividade. Pero isto, por culpa da polarización e confrontación política continua, non está a suceder. Nesta mesma liña, o Comité apuntou que os orzamentos xerais do Estado e os da Xunta, de carácter expansivo, deberían ser unha boa nova sumados a unha boa utilización e recepción dos fondos europeos co obxecto de crear un tecido produtivo estratéxico que conduza ó emprego de calidade nunha contorna sustentable. Por isto, para que estes obxectivos non se vexan obstaculizados polas continuas liortas políticas, UGT-Galicia insta ás forzas políticas, tanto a nivel do Estado como ás galegas, a que actúen con senso de Estado porque o futuro está en xogo e é este un

momento no que todos deben ser moi coidadosos.

Aínda son moitas as eivas no eido económico e laboral que arrastra Galicia

En Galicia, todo apunta a unha reactivación económica, aínda que hai que estar moi vixiantes porque o PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por debaixo do que se rexistraba en prepandemia. Ollo porque Galicia segue a ser unha das comunidades con menores taxas de actividade. A reactivación non está a ser homoxénea, a mellora concéntrase, sobre todo, no sector servizos, con importantes descensos na industria manufacturera e na construción. A calidade do emprego tampouco acompaña á recuperación. A ocupación a tempo parcial medra un 10,4%, fronte ó 1,7% da de tempo completo. Os contratos temporais crecen un 8,4%, fronte a tan só o 0,6% dos indefinidos. A desigualdade entre homes e mulleres continúa, tan só un dato, as tres cuartas partes do emprego a tempo parcial o ocupan mulleres.

O acordo da Reforma Laboral, sumado a unha modernización das políticas activas de emprego, deben ser os instrumentos para a mellora da calidade do emprego en Galicia

Para a mellora da calidade do emprego,



o Comité Nacional, apela á posta en marcha do acordo da Reforma Laboral, acompañado, eso si, dunha aposta clara pola modernización das políticas activas de emprego. Estas deben ser adaptadas ás novas esixencias de dixitalización a automatización da actividade produtiva. O Sindicato lembra que esta é unha competencia propia da Xunta, polo que insta ó Goberno galego a que reactive as mesas de diálogo social para afrontar este importante reto.

A Xunta debe asumir as súas competencias en materia industrial e traballar para disipar as incertezas que rodean a este sector

Tamén insta á Xunta a que asuma as súas competencias en materia industrial.

Continúa na páxina seguinte...

Son moitos os fronts abertos neste eido en Galicia. Hai que traballar xa para disipar as numerosas incertezas que rodean a este sector, falta de carga de traballo, elevado prezo da electricidade e o proceso de transformación enerxética. Estes riscos fan inaprazable a posta en marcha dunha política industrial na que se aposte por actividades de alto valor engadido e se aborde con especial atención o problema enerxético.

Os fondos europeos, un bo mecanismo para avanzar cara a modernización de Galicia e superar as eivas históricas. UGT-Galicia estará vixiante

Neste camiño están os fondos europeos que son unha importante oportunidade para avanzar cara a modernización de Galicia. Aquí UGT-Galicia vai estar vixiante para o seu correcto uso e aproveitamento co fin de paliar os continuos déficits que ten esta Comunidade no eido dos servizos públicos, que teñen que recuperar o seu papel como pilar do estado de benestar, ser distribuidores da riqueza e garantes da cohesión social; na insuficiencia do seu tecido industrial; escaseza de investimentos en I+D+i; despoboamento do rural; brecha de xénero e dixital; e políticas formativas. Estes déficits non poden seguir lastrando a competitividade da sociedade galega e os fondos europeos son un bo mecanismo que debe ser aproveitado e xestionado con sentido e rigor.

Denuncia da exclusión social e informática que sofren as persoas maiores, que incide nunha exclusión sanitaria e bancaria

O Comité tamén demandou acabar coa desigualdade dixital, sanitaria e bancaria que sofren os nosos maiores. UGT denuncia a exclusión dixital e informática e a desprotección que sofren as persoas maiores de 55 anos, que incide nunha exclusión sanitaria e bancaria, máxime ante a escaseza de recursos sanitarios públicos e o peche de sucursais bancarias. Por mor de tales limitacións, 9,4 millóns de españois de máis de 55 anos non pode acceder á banca en liña, e 11 millóns non saben como pedir cita cun médico por internet ou instalar unha app no seu móbil.

UGT denuncia as políticas de exclusión social e territorial que executa a banca, co peche masivo de sucursais e o despedimento de decenas de miles de traballadores, que está a repercutir tamén sobre un peor servizo aos cidadáns, especialmente aos máis vulnerables dixitalmente, como os nosos maiores. É hora de poñer fin a esta desigualdade múltiple e facilitar a vida ás persoas maiores, marxinadas dun mundo dixital

que moitas veces non está ao seu alcance. Por iso, é necesario que os gobernos adopten medidas para evitar a exclusión dos nosos maiores en todos os ámbitos, incluído o dixital.

O Comité pon en valor o Acordo de pensións e o da Reforma Laboral

A nivel estatal, o Comité puxo en valor, no contexto do diálogo social, dous importantes fitos, o Acordo de pensións, que conseguirá unha maior solidez e viabilidade do sistema, e o acordo da Reforma Laboral, froito da firmeza da organización, co que se lle dá estabilidade xurídica ós dereitos dos traballadores e traballadoras, recupérase o equilibrio da negociación colectiva; fortalécese a figura do contrato indefinido; e incorpora ó Estatuto dos Traballadores os acordos e prácticas do ERTE da pandemia, coa intención de priorizalos en detrimento dos despedimentos colectivos. En todo caso, o Comité Nacional de UGT-Galicia fai fincapé en que este acordo non é un final, é un paso transcendental para a recuperación pero hai que seguir traballando para seguir recuperando dereitos para o conxunto das persoas traballadoras. O que si agarda o Sindicato é que con este acordo a xeración de emprego de baixa calidade que se rexistra mude cara parámetros de estabilidade e calidade.

Urxe un V AENC, garantir a dignificación dos salarios e dos contratos e abordar a xornada de 4 días para mellores cotas de emprego e produtividade

A negociación colectiva tamén foi analizada polos membros do Comité. Coincidindo en que urxe que a patronal se sente a negociar xa un V Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva que permita, iniciada a senda da recuperación económica, devolver ós salarios as perdas de poder adquisitivo que trouxo a Reforma Laboral de 2012. Así, débese incidir na dignificación dos salarios, xeneralizando as cláusulas de revisión nos convenios. A dignificación tamén debe pasar pola mellora das contratacións, eliminando a precariedade e perseguindo a fraude. A contratación indefinida debe ser a regra xeral. No eido da negociación colectiva tamén hai que traballar pola igualdade real; abordar as novas formas de traballo; prestar especial atención á loita contra o acoso, contra a discriminación de certos colectivos como as persoas LGTBI ou as persoas con discapacidade.

Tamén se debe abordar o debate sobre a repartición do traballo. Para o cal, dende UGT-Galicia apóstase por unha xornada de catro días de traballo, 32 horas semanais, sen diminución salarial, co fin de acadar maiores cotas de emprego e produtividade de cara a unha mellor conciliación da vida la-

boral e persoal. Este instrumento tamén servirá para un maior grao de igualdade entre homes e mulleres.

Resolucións de urxencia

No contexto deste Comité, tamén foron aprobadas catro resolucións de urxencia.

Unha relativa á dignificación da atención á dependencia, coa que existe unha débeda política e social. Así, o Comité Nacional demandou diálogo social real a nivel estatal, de Galicia e dos concellos, no ámbito competencial de cada administración, para avanzar nun novo modelo de atención á dependencia tendente a considerar a xestión directa das residencias e servizos de axuda a domicilio e a establecer unha nova regulación que garanta uns estándares de calidade de servizos ás persoas maiores e dependentes e de calidade laboral.

Outra das resolucións de urxencia aprobada denuncia o despedazamento de Correos e demanda un plan estratéxico pola salvagarda do servizo público postal, así como, implementar as medidas que sexan necesarias para garantir os dereitos laborais dos seus traballadores.

O reforzamento e fortalecemento da atención primaria e hospitalaria foi outra das demandas en torno á que xirou a terceira declaración de urxencia. Nesta resolución incídese en que o persoal segue sendo esencial e a cidadanía ten dereito a unha atención sanitaria plena e de calidade. Para elo, cómpre incidir na necesidade dunha mellor organización, en máis recursos humanos e materiais e mellores condicións laborais para os profesionais.

Por último, o Comité aprobou unha resolución na que se puxo de manifesto a difícil situación industrial que está a atravesar Galicia, con centos de despedimentos como os de Vestas, Siemens Gamesa, a térmica de As Pontes e as súas auxiliares, así como moitas empresas contratistas de Navantia que a día de hoxe están paradas ou outras como en Barreras ou Alú Ibérica, e as súas auxiliares, onde as dificultades para manter o emprego son serias.

Por todo elo, o Sindicato esixe das distintas administracións unha política enerxética competitiva para manter as capacidades de produción, que se utilicen de xeito adecuado os fondos europeos para a modernización e industrialización do noso tecido produtivo, apostando pola I+D+i e o emprego de calidade. Para isto, as administracións teñen que despreñar todos os seus recursos (SEPI, IGAPE, XESGALICIA...) en beneficio da industria estratéxica de Galicia e das persoas traballadoras, tanto das empresas principais como das auxiliares, ó igual que se está a facer noutras comunidades autónomas.

É A QUENDA DO EMPREGO ESTABLE, DO ACORDO DA REFORMA LABORAL

UGT-Galicia alerta sobre un mercado laboral galego pouco dinámico, cunha taxa de actividade seis puntos por debaixo da estatal

Redacción.- UGT-Galicia considera que a evolución positiva dos datos do paro e a ocupación, en relación ó mesmo trimestre do ano anterior, (aínda que non así en relación ó trimestre anterior), tal e como recolle a EPA, deben consolidarse mellorando a calidade e a estabilidade do emprego, polo que insta ós partidos políticos a validar no Congreso dos Deputados o acordo da reforma laboral consensuada polos axentes sociais e o Goberno e que conta co aval da Comisión Europea.

Hai que combater os elevados niveis de temporalidade e parcialidade involuntaria do mercado laboral. Para estes efectos, o recente acordo alcanzado polos interlocutores sociais e o Goberno sobre a reforma laboral supón avances dun enorme calado na loita contra a precariedade laboral e repara boa parte dos efectos lesivos da reforma do PP.

A nova regulación laboral implica cambios substanciais nas modalidades de contratación, nos mecanismos de flexibilidade interna e na negociación colectiva que pretenden, entre outras cousas, acabar co predominio dos contratos temporais, promovendo a xeración de emprego estable, evitar o recurso ao despedimento en momentos de adversidade económica e reequilibrar a negociación dos convenios, o que tamén xerará unha mellora das condicións laborais e, en suma, da calidade do emprego. En definitiva, un amplo abanico de medidas que, amparadas polo diálogo social, beneficiarán ao conxunto da sociedade.

Con todo, é necesario que a reforma, aínda que xa entrou en vigor, sexa ratificada no Parlamento, polo que UGT insta a todas as forzas políticas a respectar co seu voto o consenso alcanzado no diálogo social. O Congreso non debería dilapidar o impulso colectivo logrado con este acordo social, que foi xa valorado moi positivamente pola Comisión Europea.

De maneira paralela, débese dotar de recursos suficientes á Inspección de Traballo para que poida desenvolver o seu traballo de forma aínda máis efectiva e velar polo cumprimento da normativa e implementar unha reforma integral das políticas activas de emprego, o que implica reforzar o orzamento e o persoal dos Servizos Públicos de Emprego. O obxectivo debe ser reducir o desemprego de longa e moi longa duración, que en Galicia xa se achega ás 60.000 persoas.

En canto ás políticas activas de emprego, deben ser adaptadas ás novas esixencias de dixitalización a automatización da actividade

produtiva. O Sindicato lembra que esta é unha competencia propia da Xunta, polo que insta ó Goberno galego a que reactive as mesas de diálogo social para afrontar este importante reto.

Así mesmo, o sindicato lembra que, para comprobar os efectos reais da nova regulación laboral, deberán realizarse avaliacións dinámicas que permitan comprobar que as novas medidas efectivamente están a ter un impacto positivo sobre a xeración de emprego de calidade.

Entrando de cheo na análise dos datos, estes apuntan a que en Galicia polo contexto de remisión da pandemia hai unha mellora das cifras da EPA con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior pero non así en relación ó trimestre anterior, o terceiro do ano.

En canto á situación dos fogares, hai nesta Comunidade 50.900, con polo menos un activo, nos que todos os activos están en situación de desemprego e 28.000 nos que non hai ingresos.

Os datos de paro de longa duración son realmente preocupantes. Das 135.100 persoas que están en desemprego, 59.400 levan máis dun ano nesta situación, é dicir, son persoas paradas de longa duración. Estas cifras seguen moi por enriba da situación prepandemia, é dicir, a estas persoas estalles a custar moito saír do círculo do desemprego cos serios riscos de exclusión social que isto conleva. No cuarto trimestre de 2019 había en Galicia 55.700 persoas nesta situación, fronte ás 59.400 actuais. No mesmo trimestre do 2020 eran 50.100. Isto evidencia que a recuperación non está a chegar a todos e hai unha parte da sociedade que está a quedar á marxe da mesma.

A ocupación en Galicia, en relación ó trimestre anterior, tampouco arroxa resultados moi positivos. Tralo verán volve caer o emprego, o que evidencia que o mercado laboral galego está moi suxeito á estacionalidade e está moi marcado pola temporalidade. Así, baixa a ocupación nun 1,9%, en 21.200 persoas, cando no Estado medra nun 0,8%. Si é certo que en relación a hai un ano estas cifras melloran, subindo a ocupación nun 1%, en 10.400 persoas, aínda que moi por debaixo do que sucede no resto do Estado, cunha suba do 4,35%.

A taxa de actividade é inferior en seis pun-



tos á do resto do Estado. Mercado laboral con tendencia á inactividade e moi pouco dinámico

O escaso dinamismo do mercado laboral galego reflíctese nunha taxa de actividade de tan só 52,4 puntos, moi por debaixo dos 58,65 do resto do Estado. Isto evidencia un mercado laboral cunha clara tendencia á inactividade, ó desánimo e ás poucas oportunidades.

O paro tamén amosa un peor comportamento que o resto do Estado. Interanualmente, cae nun 5,3% (16,56% no Estado), en 7.500 persoas, pero en relación ó trimestre anterior, este medra nun 6,6% (baixa no 9,16% no Estado), en 8.400 persoas.

Quedando a taxa de paro en Galicia, con 135.100 parados, nun 11%, e no Estado nun 13,33%. O que evidencia unha menor presión de demanda de emprego nesta Comunidade, polo xa mencionado desánimo, poucas expectativas e pouco dinamismo do noso mercado laboral.

A brecha de xénero persiste, cunha taxa de paro entre os homes de 9,9 puntos e de 12,2 entre as mulleres. Pero é que os menores de 25 anos soportan taxas de desemprego do 35,6%.

Por sectores, en relación á ocupación, obsérvase unha mellora en relación ó trimestre anterior na construción e na industria, a contracción dáse, sobre todo, nos servizos, trala temporada estival, cunha baixada da ocupación do 2,3%, fronte á suba do 0,9 e do 0,7 na industria e construción, respectivamente. No sector primario tamén se dá unha baixada, do 7,1%. No ano non hai mellora en ningún sector, salvo en servizos, cunha suba do 2,6%, pero hai que ter en conta a conxuntura de parálise de hai un ano.

Hai en Galicia 884.300 asalariados e a taxa de temporalidade mantense elevadísima, nun 24,3%, a cuarta parte da poboación asalariada, 215.000 persoas.

UGT e CCOO INICIAN UNHA CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE O ACORDO DA REFORMA LABORAL

Redacción.- O acordo de reforma laboral entre o Goberno e os interlocutores sociais é histórico. Esta normativa recupera os dereitos das persoas traballadoras pero ademais é a primeira vez na historia da democracia que unha reforma laboral conta co consenso das organizacións empresariais e sindicais máis representativas. Ademais, responde a un compromiso ineludible coa UE que esixe a España, entre outras cousas, acabar coa alarmante e inxustificada temporalidade e precariedade do noso mercado de traballo. Unha condición vital para recibir os fondos de recuperación destinados á modernización do mercado de traballo.

Por iso, e, ante o ruído político e mediático sobre este acordo vital para o noso país, UGT e CCOO van iniciar esta semana asembleas informativas por todo o Estado para explicar aos traballadores e traballadoras en que lles beneficia este acordo. Un acordo que precisa do necesario apoio parlamentario e que non pode converterse en moeda de cambio de intereses partidistas.



Nestas asembleas participarán os secretarios xerais de ambos sindicatos, Pepe Álvarez e Unai Sordo, e outros membros das respectivas Comisións Executivas Confederais.

O obxectivo é explicar que este acordo beneficia a todas as persoas, non só aos empresarios e traballadores e traballadoras, senón ao conxunto do país. Que non supón ningunha renuncia, senón que é un punto e seguido, un paso máis, pero moi neces-

sario, para seguir avanzando na loita en favor dos intereses e dereitos das persoas traballadoras.

Este acordo recupera o equilibrio das relacións laborais e fortalece, por tanto, a negociación colectiva; fomenta a contratación indefinida; limita a temporalidade; potencia os contratos formativos e aposta por mecanismos de flexibilidade interna ou suspensión temporal de emprego fronte aos despedimentos, entre outros avances.

URXE ACABAR COA DESIGUALDADE DIXITAL, SANITARIA E BANCARIA QUE SOFREN OS NÓS MAIORES

Redacción.- UGT denuncia a exclusión dixital e informática e a desprotección que sofren as persoas maiores de 55 anos, que incide nunha exclusión sanitaria e bancaria, máxime ante a escaseza de recursos sanitarios públicos e o peche de sucursais bancarias. Por mor de tales limitacións, 9,4 millóns de españois de máis de 55 anos non pode acceder á banca en liña, e 11 millóns non saben como pedir cita cun médico por internet ou instalar unha app no seu móbil, que lle permita descargarse o certificado Covid ou interactuar co seu banco.

En 2021 o 30% das persoas maiores de 55 anos non utilizou nunca internet e ata un 70% non sabe instalar unha app no seu móbil. Ademais, case a metade dos maiores de 55 anos non acredita ningunha habilidade informática e menos do 18% ten habilidades dixitais básicas. As mulleres son as máis vulnerables nesta materia: o aproveitamento destes servizos esenciais descende ata 8 puntos porcentuais con respecto aos homes.

Máis recursos para a sanidade e esixir o compromiso da banca

A pandemia Covid19 revelou as deficiencias do noso sistema sanitario e sobre todo a falta de recursos humanos e financeiros provocados polas políticas de recorte levados polas distintas CCAA. Algo ao que hai que poñer remedio.

Doutra banda, as políticas de exclusión social e territorial que executa a banca, co peche masivo de sucursais e o despedimento de decenas de miles de traballadores, está a repercutir tamén sobre un peor servizo aos cidadáns, especialmente aos máis vulnerables dixitalmente, como os nosos maiores. Un 60% das persoas de 75 anos nunca utilizaron Internet; e máis da metade das persoas entre 65 e 74 anos nunca envía ou recibe un correo electrónico, nin sabe usar un buscador da internet para atopar información.

É hora de poñer fin a esta desigualdade múltiple e facilitar a vida ás persoas maiores, marxinadas dun mundo dixital que



moitas veces non está ao seu alcance. Por iso, é necesario que o Goberno adopte medidas para evitar a exclusión dos nosos maiores en todos os ámbitos, incluído o dixital.

UGT esixe poñer en marcha, de forma inmediata, plans de alfabetización dixital centrados nos colectivos onde se concentra a fractura tecnolóxica, implicar a todas as Administracións Públicas, especialmente ás entidades locais e deputacións, e prestar unha atención prioritaria ao xénero e ao hábitat rural. O financiamento europeo debe axudar para cumprir con este obxectivo, pero debe comezar a fluír rápida e eficazmente, para chegar á cidadanía que necesita esta axuda imprescindible.

O AVANCE CARA UNHA EUROPA SOCIAL TEN QUE SER IMPARABLE

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores celebrou unhas xornadas sobre “A visión político-sindical na Europa Social” nas que interviñeron o vicesecretario Xeral de Política Sindical de UGT, Mariano Hoya, e a secretaria de Políticas Europeas, Mari Carmen Barrera.

Na súa intervención, Mari Carmen Barrera subliñou que “as diferenzas entre os mercados de traballo e, sobre todo, na protección social, están a se reducir cada vez máis grazas a políticas europeas decididas a facer de Europa algo máis que o mercado necesario para o euro, ou tan só unha unión monetaria”.

“Europa parece entender o ensino da crise de 2008, cando a receita foi o recorte sistemático do social e as políticas de austeridade, e agora a aposta polo social toma forza, de feito, no marco laboral, este ano deixa un acordo do Parlamento Europeo para implantar unha directiva de Salario Mínimo no conxunto da Unión ou o proxecto de Renda Mínima Europea, coa futura directiva para regular o traballo en plataformas, coa posta en marcha da nova autoridade laboral europea, aspectos que tocan o núcleo das relacións laborais e que teñen vocación de conseguir unhas condicións de traballo mínimas comúns para todos as traballadoras e traballadores europeos nos próximos anos”.

Barrera manifestou que “quedan moitos retos, como a transición cara a unha eco-

nomía máis sostible e xusta, para loitar contra a crise climática pero os pasos que se van dando van na liña de constituír un verdadeiro Pilar de Dereitos Sociais en Europa, facendo de Europa o único territorio no mundo onde a economía, a acción do negocio empresarial, vén acompañada de protección e medidas sociais para as e os traballadores”.

“O futuro do traballo en Europa pasa por fenómenos como a dixitalización ou a transición cara unha economía ecoloxicamente sostible e xusta. Iso pon en cuestión o traballo tal e como o coñecemos ata o de agora e a perda de postos de traballo, ou de salario, non poden ser a solución en ningún dos casos. É por iso que hai que abrir no conxunto da Unión o debate sobre a repartición do traballo, sen perda de salario”, engadiu, “e teremos que loitar para convencer das nosas posicións porque neste momento os nosos dereitos xóganse cada vez máis en Europa”.

Abordar a homologación das indemnizacións por despedimento en Europa

Pola súa banda, Mariano Hoya participou na mesa “Emprego e negociación colectiva no marco das políticas europeas” onde lembrou que “a reforma laboral de 2012 dinamitou a negociación colectiva de maneira unilateral, sen ningún proceso de diálogo, usando unha maioría absoluta e foi

a historia dun fracaso que pagamos as traballadoras e os traballadores perdendo, entre outras cousas, preto de 10 puntos de poder adquisitivo”.

Hoya puxo en valor a nova reforma do mercado de traballo acordada con Goberno e patronal “e cuxos elementos esenciais son recuperar o equilibrio na negociación colectiva e a redución dunha temporalidade que en España alcanza unha das cifras máis altas de Europa” e lamentou que, en fase parlamentaria, “haxa partidos políticos que, lonxe de respectar o acordo, pretendan mercadear e boicotear ao diálogo social”.

En relación á negociación do SMI, o vicesecretario xeral de Política Sindical aplaudiu os avances da Directiva Europea de Salarios Mínimos e destacou que “en España estamos moi lonxe de niveis que marca Europa e, “neste momento estamos a esperar a convocatoria do Goberno para iniciar a negociación que nos leve a alcanzar este ano ese obxectivo dos 1000 euros comprometido polo Goberno”.

Ademais, Mariano Hoya subliñou que “é necesario abordar unha homologación das indemnizacións por despedimento en Europa e que UGT esixirá que se cumpran os compromisos que ten o Goberno en relación á Carta Social Europea e a OIT respecto diso debido a que no noso país están moi por baixo do que marcan as directrices europeas”.

MEMORIA, REPARACIÓN E DEMOCRACIA

Redacción.- Cando o 26 de xaneiro de 1945 tropas da Unión Soviética liberaron o campo de concentración e exterminio de Auschwitz- Birkenau, o mundo enteiro puido coñecer a extensión do horror levado a cabo polos nazis contra xudeus, xitanos, opositores políticos e outros colectivos.

UGT lembra que este trágico episodio da historia non debe reducirse a un acto periódico de memoria para todas aquelas persoas ás que o nazismo exterminou, senón tamén nun necesario exercicio democrático nun presente onde asistimos ao auxe de movementos neonazis e fascistas en Europa e outras partes do mundo.

Lamentablemente, o presente indícanos que a conciencia sobre as atrocidades cometidas polo nazismo en Europa non supuxo o final das guerras, a violencia ou do xenocidio, xa que desde aquel episodio asistimos a unha infinidade de conflitos e

accións bélicas, así como a situacións de segregación e de xenocidio.

A loita contra a violencia racista debe, por tanto, incluír o recordo de feitos como o nazismo e o combate fronte a discursos negacionistas ou de partidos políticos que exaltan a violencia nazi ou fascista e aos seus executores e ideólogos.

Na actualidade, podemos ver como o neonazismo e o fascismo ocupan importantes espazos políticos e, mesmo, institucionais. Desde a Eurocámara, Parlamentos ou gobernos difúndense discursos de odio e promóvense axendas discriminatorias e contra os dereitos de minorías e colectivos en situación de vulnerabilidade.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores ten unha longa historia e un claro compromiso coa memoria. UGT asume este compromiso por propias conviccións



que teñen tamén a súa raíz na loita dos moitos compañeiros e compañeiras da nosa organización que acabaron en campos de concentración nazis, pola cooperación das autoridades franquistas e francesas.

O terrible feito histórico dos campos de concentración nazis debe ser lembrado como unha das máis trágicas expresións do imperialismo e da guerra da historia moderna. Nestes momentos, onde as ameazas de novos conflitos bélicos a gran escala preséntanse no horizonte, resulta necesario non esquecer o horror que a experiencia de Auschwitz representa de forma paradigmática.